



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Outra vez aquí

Amigas e amigos que seguides esta Crónica de Encrucillada número tras número: ben entendedes que nos resulte imposible recoller todo o que día a día ao longo deste verán foi acontecendo na ámbito eclesial, tan amplo como amplo é o mundo, xa que o lugar propio da Igrexa é o mundo, non os espazos físicos, doutrinais, vitais, que normalmente se identifican con ela, pero que non son senón medios para facer efectiva a nosa presenza cristiá no medio da sociedade.

Moitas cousas quedarán logo na reserva da memoria e do corazón. Recollemos aquelas especialmente significativas e de percorrido tan amplo, que non se esgota nos meses dun verán, por máis que este fose forte e descompensado en calores, para nos recordar, unha vez máis,

que isto do cambio climático xa non é unha andrómene de ruíns agoireiros.

1.- Vía de diálogo sobre a cuestión de xénero

Levamos un verán quente, tamén apaixonadamente. Levamos un verán marcado polos asasinatos de mulleres (incluíndo ás veces fillos cativos) por parte das súas parellas e marcado polas agresións sexuais de grupos de mozos que abusan dunha muller. Prodíganse as manifestacións, a repulsa social e anúncianse duras condenas «exemplares»; pero parece que todo non chega para conter as paixóns que provocan eses feitos. Todo amosa que segue moi en pé o predominio machista nas relacións home-muller, cunha longuíssima e pérvida historia ao lombo (por moito que aínda haxa quen o negue); e

tamén se oen voces apelando a unha necesaria ascese ou «contención» sexual, co que implica de formación neste campo e tamén dun atinado e moi difícil manexo dos múltiples elementos provocativos polos que se ve empuxado xa un mocete calquera cara á práctica sexual. É a cultura do todo fácil, do todo xa, da que con frecuencia imbuímos a nosa crianza. En parte quizais estamos recollendo o froito do que entre todos por activa ou por pasiva sementamos. E parécenos ben positivo observar que desde ámbitos civís se estea caendo na conta desta circunstancia con interese por lle buscar remedio.

Neste mundo de historias tan inhumanas e dolorosas, coa sexualidade por riba e por baixo, o 10 de xuño, cando o verán xa logo abría as portas, a Congregación vaticana para a Educación Católica, presidida polo cardeal Giuseppe Versaldi, fixo público un documento titulado: «Home e muller os creou. Para unha vía de diálogo sobre a cuestión de xénero na educación», dirixido moi especialmente ao mundo da educación católica, pero sen dúbida aberto a todos os ámbitos sociais. De

entrada gústannos dúas cousas: que polo menos nominalmente no mesmo título se fale dunha vía de diálogo e que, no canto de «ideoloxía de xénero», co que evoca de escuros manexos perversos, se diga simplemente «cuestión de xénero»; aínda que logo no texto se volva á denominación de «ideoloxía de xénero».

O texto, amplo, divídese nunha introdución (nn. 1-7), unha primeira parte titulada «escoitar» (nn. 8-23), outra titulada «razoar» (nn. 24-29) e unha terceira titulada «propoñer» (nn. 30-51), á que segue unha conclusión (nn. 52-57). Con formas moderadas o texto transmite o que vén sendo habitual por parte da Igrexa, a partir da antropoloxía crente que lle é propia: creounos home e muller, a importancia básica da xenitalidade na estrutura sexual, o predominio da natureza sobre a decisión persoal á hora de definirse sexualmente, a apelación á medicina ante dúbidas ao respecto, a ruptura do modelo familiar, as reticencias ante a configuración social do xénero... Escoitar, razoar, propoñer é desde logo un bo método, pero dá a impresión de que os autores neste caso limitáanse a

expoñer as conviccións propias, razoando consigo mesmos, sen pararse a escoitar outras voces disonantes, para ver o que de bo poidan amosarnos. E, postos a escoitar, as primeiras persoas coas que cumpriría facelo sería, non cos teóricos da cuestión, senón coas persoas reais que están involucradas vitalmente no asunto, poñamos por caso a Antonio Cosías Gila, co testemuño persoal que presentou no número anterior desta mesma revista. Debería ser unha lección ben sabida, despois do impacto e cambio emocional, mental e práctico que supuxo a escoita das vítimas de abusos a menores por parte de clérigos. De facelo neste caso, igual tamén na Igrexa nos lamentaríamos das consecuencias negativas que para moitas persoas puido ter a nosa postura sobre este tema ao longo da historia e igual ampliábamos a perspectiva para valorar un asunto tan determinante. Coidamos que, para un posible diálogo, é imprescindible este dobre recoñecemento: que hai persoas que, por natureza, son homosexuais, e que merecen ser respectadas en todo como tales; e que a xenitalidade, por máis que impor-

tantísima, non é o criterio único nin último para definir unha tendencia sexual.

O texto non deixa de sinalar realidades que a todo o mundo nos preocupan e afectan ao redor do mundo de xénero, con incidencias negativas no contexto social e escolar, o cal quere dicir que si, que é urxente abordar a cuestión a fondo, ir chegando a consensos no posible, para poder ofrecer máis ou menos unanimemente un corpo cultural útil para as etapas educativas e para o desenvolvemento social ordinario. Estánolo demandando a realidade brava que día tras día nos transmiten os medios. Pensamos que queda moito por facer, e que o camiño é certamente o anunciado no escrito: escoitar, razoar, propoñer, pero a fondo.

2.- Nuncios veñen e van

Si, como as ondas da nosa cantiga que nos poden marear. Renzo Fratini, nuncio en España durante 10 anos, deixou de selo ao aceptarlle o Papa a súa renuncia por ter cumprido os 75 anos. A finais de xuño despedíase do seu traballo en España. Excepcionalmente –o habitual,

por criterio superior, é non favelo—, por razón da súa partida concedeu diferentes entrevistas, nas que amosa un criterio ecuaníme sobre diferentes puntos de vista da situación eclesial española e mesmo sobre outros asuntos internacionais de corte civil e eclesial. Pero o que subliñou deseguida a prensa foron as súas desafortunadas opinións sobre a posible exhumación e traslado dos restos de Franco: que o Goberno resucita a Franco, que o fai por motivos ideolóxicos, que non hai que remexer o pasado entre as dúbidas de se o que fixo Franco foi atinado ou non. Nin sequera unha palabra que demostrase algunha sensibilidade cara a esa parte da sociedade española que ve nesa posible exhumación e traslado—nun contexto máis amplo de reparación da memoria histórica— un paso imprescindible para unha reconciliación entre nós que aínda non se deu a fondo por persistir o predominio de valoracións do pasado moi unilaterais. Cando unha e outra vez imaxes do pasado xorden e rexorden, estamos ante un indicio claro de que as cousas non están ben asentadas por non seren ben resoltas.

As súas palabras foron deseguida censuradas por boa parte da sociedade española e polo mesmo Goberno, que elevou unha queixa ao Vaticano. Este respondeu a mediados de xullo afirmando que as palabras do Nuncio foron ditas a título persoal e que para nada representan a opinión do Vaticano.

O certo é que a cuestión de Franco segue aí, agora algo empanada pola indecisión para formar Goberno no país e tamén por decisións igualmente polémicas da alta xudicatura española, que lle segue dando as costas aos perdedores. Uns e outros, Igrexa e xudicatura, poderían ser os grandes axentes dun proceso de reconciliación a fondo, que nos permitise avaliar con criterios xustos, restituír méritos e dignidades, empezando polos propios corpos masacrados, condenar o condenable, perdoar o que haxa que perdoar, para poder abrazarnos e ollar cara a adiante coa lección aprendida. E a Igrexa—nós, que en principio deberíamos ser xente experta en reconciliacións—podería ser a gran impulsora desta gran reconciliación española; pero moito nos tememos que coas hipotecas que levamos

ao lombo, nin como institución se sente a si mesma chamada a iso, nin recibiría para tal tarefa o consenso social. Unha mágoa! E cando as feridas non curan, infectan e agrandan. E nesas andamos.

Falando de nuncios, foi moi comentado o discurso que o Papa lle dirixiu en Roma o 13 de xuño ao conxunto de representantes do Vaticano, do mesmo Papa como máxima autoridade da Igrexa universal. Cunha linguaxe moi práctica, foi aludindo a cousas moi concretas que podería diluír ou potenciar o labor dos nuncios, e fixo unha alusión expresa á absoluta inconsecuencia entre ser nuncio do Papa e logo «criticalo polas costas, ter blogs ou mesmo unirse a grupos hostís a el, á Curia e á Igrexa». Porque, ben o sabemos, persiste con forza nalgúns grupos da Igrexa un rexeitamento á persoa e á liña de traballo promovida na Igrexa polo Papa Francisco; calquera motivo lles vale, desde que se cambiasen o título e instrumentos do «Instituto Xoán Paulo II para a Familia», ata que no *Instrumentum laboris* do sínodo sobre a Amazonía se fale de «conversión ecolóxica», o cal pasa a ser herético.

E seguindo a falar de nuncios, algúns sectores da Igrexa española están facendo público o desexo de que o novo nuncio en España sexa abertamente unha persoa da liña do Papa Francisco —normal que así poida ser—, e que, seguindo a práctica do Papa Francisco de ir colocando mulleres en postos significativos da estrutura eclesial, tamén se dea o paso de nomear a unha muller para a misión de nuncio. Sería rechamante e ben significativo. Esta proposta naceu en Galicia das mans da Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria, e deseguida contou co apoio da Asociación de Teólogas Españolas, *Mujeres y Teología* Zaragoza e Sevilla, *Dones Creients* Valencia, Red Miriam de Espiritualidade Ignaciana Femenina, *Collectiu de Donnes en l'Esglesia* e Colectivo AGAR; tamén foi asumida por colectivos de Igrexa de base, como Redes Cristiás e as Comunidades Cristiás Populares e outros grupos máis. Oxalá!

Pero non, como xa se sabe, o novo Nuncio para España será Bernardito Auza, filipino, actualmente Observador Permanente da Santa Sé na ONU.

3.- No medio da sen razón

O mundo anda ben ao revés. Vira o tempo, amosando a quen queira ver que hai moitas cousas que non se están a facer ben. En xeral a causa última sempre é un modelo produtivo intensivo que, por mor da moita ganancia, non respecta a natureza no seu conxunto, cos mesmos seres humanos e outros animais dentro dela. Como exemplifica esta cuestión, entre outras cousas, a multitude inmensa de incendios que este verán están asolando a Amazonía –o pulmón do mundo–, por moito que o presidente Bolsonaro fale, como causa, dunha vinganza das ONGs por veren reducidas as súas axudas estatais. Ridículo! Ten máis veracidade quen fala de multinacionais da alimentación obsesionadas polo cultivo da soia para a produción de carne (vacas, pitos, porcós...) sobre todo nos países do primeiro mundo (*blogs.publico.es/jaulas-vacias/2019/08/22que-esta-pasando-realmente-con-la-amazonia*). Unha e outra vez oímos repetir que este é o gran problema da humanidade neste momento, pero nin por esas. Disto falounos con moita claridade e paixón a «Laudato Si»,

pero, ao que se ve, para moitísima xente non se converteu en libro de cabeceira, e canto ben nos faría!

De aí que sigamos con bos ollos e con mellor corazón os pasos da moza activista ecoloxista Greta Thunberg –xa a mencionamos en Crónicas anteriores–, que cun grupo enorme de simpatizantes están promovendo unha folga internacional polo clima que se levará a cabo en 1.500 cidades de 114 países o próximo 20 de setembro; a esa folga seguiralle unha semana de accións polo clima, que en España rematará o 27 de setembro cunha folga xeral polo clima, á que xa se adheriron máis dun cento de diferentes organizacións. Vese que non a todo o mundo lle pode a indiferenza. Como tampouco lle pode –e xa é ben raro– a ese centenar de empresarios norteamericanos que se declararon dispostos a gañar menos, seguindo o criterio de primar o impacto social por riba dos beneficios. Que ben que isto se fose convertendo nunha pauta asumida de maneira global! Cuestión de pura supervivencia, senón para nós, que iremos trampeando, polo menos para as xeracións inmediatas.

Pero a sen razón ten moitos máis rostros. O nacionalismo excluín-te, sobre todo o dos grandes estados, é outro dos grandes desatinos. Despois de séculos e séculos de entrar onde ben nos parecía e arramplar pola forza e o abuso con canto de proveito viamos por África adiante, agora tomamos a firme decisión de pechar as portas e de permitir a insultante imaxe de moitas pequenas embarcacións fundíndose no *Mare Nostrum*, convertido desde hai ben anos en cemiterio africano. E, cando alguén ten a sorte de ser atopado por algunha ONG dedicada a evitar mortes, péchanse mares e portos, anúncianse cargos, penas e multas contra quen as comanda, porque hai que ter licenza para saír a salvar a xente destinada a morrer.

O sistema actual parece sosterse na idea de que, cando vexan que a centos, a miles afo-gan no mar, xa deixarán de intentalo. A falta de solidariedade dos países máis ricos –incluídos países árabes– é evidente, cando a gran parte dos refuxiados, un 80%, recala en países moi pobres do seu entorno. Hai que valorar o labor agochado de persoas e institucións parti-

culares, e aínda públicas, pero estamos ante algo que demanda plans internacionais que supoñen gastos, que á súa vez esixen compartir a nosa relativa abundancia, pero disto parece que non queremos saber moito. Que interesante a este respecto o modelo vasco para endereitar o reto migratorio, a iniciativa «Share» que promove un reparto do esforzo de acollida das persoas refuxiadas entre os Estados membros, inspirado en criterios de ingresos, poboación e desemprego; iniciativa moi ben valorada pola mesma Comisión Europea e polo mesmo Papa Francisco, durante a audiencia co lehendakari Íñigo Urkullu a finais de agosto pasado. Tamén a recente viaxe do Papa a Mozambique, Madagascar e Mauricio (4-10 de setembro) se converteu nunha forte proclama a prol da conxunto da realidade africana a partir das circunstancias concretas deses tres países. Entre nós, a Comisión Episcopal de Migracións e o Secretariado de Migracións, entre outros, estanse a comprometer de palabra e con feitos a favor dunha decente acollida e integración destes inmigrantes. Un aplauso para os «círculos do

silencio», organizados en moitísimas cidades de toda España. En Santiago de Compostela todos os primeiros xoves de mes durante 20 minutos crean un espazo de sensibilización e apoio a esta crúa realidade.

Poida que volva ser o momento da non violencia activa, do pacifismo loitador. Pero chega a tanto a nosa indignación? Ou é que todo se nos queda en palabras e palabras? De momento a Carla Rackete, capitana do barco *Sea Watch 3*, detida por salvar corenta vidas humanas e logo liberada, parecen apostar por esta liña. E o mesmo os responsables do *Open Arms*.

4.- Co informe Foessa

Hai poucas semanas recibín por dobre vía un escrito dunha persoa significativa –perdón, non lembro o nome–, no que recollía as realizacións, inventos, méritos, fazañas e glorias de España, ao longo da historia e no presente, en diferentes campos da realidade, para concluír cuestionando a que vén esa sensación que se espalla entre nós de sermos un país case do que avergonzarse, cando as cousas nos van gustosamente

ben en campos fundamentais da nosa vida. Ten o seu aquel de verdade a súa argumentación. Hai moitas, moitas persoas e realidades fermosísimas que ennobrecen aos diferentes pobos que formamos España. E dígoo empezando xa polo noso país, Galicia. Claro que si, xa quixeran moitos outros países do mundo vivir como moitos de nós vivimos, polo menos nestes últimos 40 anos e ata o presente.

Pero é necesario, para ter unha visión equilibrada, ver a outra cara da moeda, tal como nola amosa o VIII informe publicado o 12 de xuño pasado por FOESSA, organismo vinculado a Cáritas Española, que goza de moito prestixio, pola seriedade e extensión dos seus estudos e por ver as cousas desde ángulos ás veces desatendidos, por incómodos, nos informes máis ou menos oficiais. O longo informe (800 páx.) non ten desperdicio, tanto nos datos coma nas valoracións que ofrece. Ponnos ante realidades moi crúas, como que as persoas que sofren exclusión social son agora 8,5 millóns de españois –1,2 máis ca antes da crise–, que esta exclusión abrangue incluso a persoas que

teñen traballo de pouca calidade, que seguimos tendo máis de tres millóns de españois no paro. A xente nova, as mulleres e as persoas inmigrantes son as máis afectadas. Se as clases medias se foron recuperando, estoutros sectores de poboación seguen aí, sen expectativas prometedoras. Existe unha ruptura social forte, diminúe a sensación de responsabilidade e atención cara á xente máis vulnerable; botámoslle a culpa aos Gobernos, á burbulla inmobiliaria, aos bancos, aos políticos, e vemos inimigos en todos os lados, maiormente de fóra, creando sensibilidades políticas pechadas, crispadas, populistas camiñando cara á extrema dereita. En definitiva, que a relativa prosperidade da que gozamos non é unha prosperidade ben repartida e polo tanto crea fortes desigualdades no tecido social. O informe apela a unha pedagogía da fraternidade, con incidencia, claro, na configuración social e económica. O caso é preocupante.

Non somos o peor país do mundo, nin moitísimo menos, pero si que temos entre nós problemas serios que, de non encararse atinadamente, poden deri-

var nunha tensión social aguda da que, hoxe por hoxe, parece que se beneficiarán grupos políticos de trazos moi conservadores. Por outra banda, cun san humanismo nas mans —xa non dicimos criterios evanxélicos—, mentres haxa persoas e pobos envoltos en grandes miserias e conflitos, por moi ben que nos vaia, estaremos aínda en fracaso. Como sentirse, senón, ante realidades coma as vividas actualmente polo pobo palestino, esquilmado por Israel, ou Nicaragua, ou Iemen, ou Venezuela, por poñer algúns exemplos! Como sentirse ante a eliminación criminal case sistemática de líderes populares, homes e mulleres, en diferentes países de América Latina! E todo o mundo, quitado no caso de Venezuela, máis ou menos caladiño.

FOESSA é un informe dun organismo vinculado a Cáritas. Canto poderíamos contribuír nesta pedagogía da fraternidade —o informe é xa un paso na boa dirección— a xente de Igrexa! Pero a tarefa parece longa. Oxalá sexa esta unha das grandes fazañas que os nosos herdeiros recoñezan en nós!

5.- Unha agarimosa aperta aos curas

Tal foi, sen dúbida, a carta que o Papa Francisco lle escribiu a todos os curas do mundo o día 4 de agosto, no 160 aniversario da morte de S. Xoán María Vianney, patrón dos párrocos do mundo. Co asunto dos abusos sexuais de fondo, coa indiferenza coa que en xeral a poboación dos países europeos se sitúa ante o feito relixioso, coa redución e escaseza de clero, coa sobrecarga de tarefas en xeral, co desalento que todo isto pode producir e produce, neste contexto quixo o Papa Francisco facerlles chegar unha misiva ampla, chea de afecto, de valoración, de loanzas, de agradecemento, de ánimos.

Divide o seu escrito en catro partes, encabezadas por cadansúa palabra: dor, gratitude, ánimo, loanza. E logo converte cada unha desas partes nun precioso e colorido ramiño de palabras, sentimentos, referencias bíblicas, alentos espirituais, aloumiños. Non é, como non se espera deste Papa, un escrito de grandes principios dogmáticos sobre a condición sacerdotal, senón un escrito

moi próximo, falando á mente, pero sobre todo ao corazón, aos sentimentos. Como un pai espiritual lle fala aos seus fillos. Comparte con eles os berros de dor polos abusos de poder, conciencia e sexuais, que feitos só por algúns curas, pode acabar contaxiando a honorabilidade e os ánimos de todos. Insiste na realidade de que hai moitos, moitos curas cunha traxectoria pastoral de absoluta entrega. Invita a recordar co profeta os primeiros amores para reafirmar a aposta de servizo ás comunidades, e vai concretando os diferentes aspectos deste servizo diario, todo envolto na ollada misericordiosa de Deus, que, evocando unha ladaíña vital, cerra cada parágrafo da segunda parte do escrito (Gratitude). Alértaos sobre a terrible «acedía» (unha especie de tristura doce, na que regalarse), tan temida e combatida sempre polos primeiros monxes cristiáns, e ínstaos a valerse dalgún acompañamento espiritual para poder afrontar as vicisitudes do seu percorrido sacerdotal, a non arredarse do pobo, nin refuxiarse en posibles guetos sacerdotais (Ánimo). En Santa María ofrécelles un modelo

de loanza e unha compañía fiel, unha compañía tenra de nai (Loanza).

Polo contido e polo momento parécenos moi atinada esta carta que, aínda que dirixida aos curas, non deixa de ser útil para calquera persoa segrar.

6.- Outono de colleitas e sementeiras

Temos por diante un mes de outubro que promete. Xa o 6 e ata o 27 empezará en Roma o Sínodo Panamazónico, que vén rodeado dun nimbo de esperanza e de posible conflictividade polos enormes intereses que na zona poñen os seus ollos. Precioso o *Instrumentum laboris*, tanto no seu formato normal coma no formato popular, polos temas que aborda, coa sensibilidade que demostra, pola linguaxe accesible; cunha 1.^a parte titulada «A voz da Amazonía» (nn. 6-43), unha 2.^a titulada «Ecoloxía integral: o clamor da terra e dos pobres» (nn. 44-104), e unha 3.^a que leva por título «Igrexa profética na Amazonía: desafíos e esperanzas» (nn. 105-147). Trátase, ao que cremos, de contemplar a realidade da Amazonía, na análise,

na valoración, nas medidas operativas, desde as claves da «*Laudato si*». Pode ser unha interesante contribución da Igrexa ante unha realidade complexa, que vai transcender con moito a súa dimensión local. Estaremos ao tanto da evolución deste Sínodo tan particular.

Tamén en outubro, o domingo 17, celebraremos a III Xornada Mundial dos Pobres, instituída no seu día polo Papa Francisco, que se encargou de acompañala cunha mensaxe que leva por título «A esperanza dos pobres nunca se frustrará», moi centrada nun comentario do salmo 9, aplicado como o pide o mesmo texto ao mundo actual da xente empobrecida.

E, para conmemorar os cen anos da encíclica de Bieito XV *Maximum illud*, sobre a propagación da fe polo mundo enteiro, acordou o Papa actual coller todo o mes de outubro como «mes misionero extraordinario». Editouse unha Guía práctica para este mes, que é todo un libro, que consta de tres partes: 1.^a) Encontro con Xesús Cristo: meditacións sobre os textos bíblicos de cada misa do mes. 2.^a) Testemuñas da misión: santos e

mártires modelos na fe e na misión. E 3.^a) Consideracións para a misión: temas de formación e animación misioneira.

E a maiores de todo isto, vén sendo normal que tamén no mes de outubro se boten a andar os plans pastorais diocesanos, xornadas teolóxicas, congresos, foros... Co cal moito nos tememos que, unha vez máis nos vexamos envoltos en plans que se entrecruzan, que se superpoñen, nunha inmensa literatura relixiosa que haberá que economizar para acadar que todo chegue a algo práctico, que signifique dar pasos firmes no gran reto que temos por diante de revitalizar as nosas comunidades cristiás cara a dentro e cara a fóra. Oxalá atinemos.

7.- O ilustrado cura de Fruíme

O ilustrado cura de Fruíme Diego Antonio Zernadas e Castro (1702-1777), tal é o libro de Carlos García Cortés que acaba de saír do prelo. Sinxelo e gustoso libríño sobre o cura de Fruíme. Achéganos e ponnos ao día a figura histórica do cura de Fruíme, Diego Antonio Zernadas e Castro. Cos seus tres capítulos (Datos biográficos, Uni-

verso literario e Antoloxía dos poemas galegos) e un ramalliño de fotos en cor e todos os aditamentos propios de quen estuda e conta historias, Carlos García Cortés insístenos en non esquecer o significado desta figura da Igrexa galega que se significou, entre outras cousas, polo uso do galego en forma poética, da que o mesmo libro ofrece os 27 poemas que se coñecen. Incluso o autor presenta o libro como unha maneira de reivindicar para o cura de Fruíme un Día das Letras Galegas, que a Real Academia Galega non acaba de lle conceder.

Curioso, rechamante e mesmo exemplar o cura de Fruíme. En 1731 concursa e obtén o beneficio eclesiástico da parroquia de Fruíme, no concello de Lousame, parroquia que rexenta ata a súa morte en 1777. Nado e criado na cidade de Compostela, opta por unha parroquia de aldea, pequena e de poucas avantaxes económicas, e dela non sae aínda tendo sobrada capacitación para poder facelo. Entrará en conflito dialéctico con varios cóngos que o ridiculizaban por iso, homes estes nados na aldea, pero física e espiritualmente «deser-

tores do arado». Un cura con boa formación, que ademais coidou, como bo ilustrado que era, abríndose ao novo que naqueles anos andaba no ambiente cultural do país. Home de Igrexa que soubo botar man creativamente dos recursos literarios para enriquecer a relixiosidade do pobo que lle estaba confiado. Famosos os seus «Petitorios», «unha especialidade poética para o xénero devocional» –dinos o autor–, cos que, en entregas anuais á parroquia, mantiña e ilustraba a relixiosidade popular, como tamén o facía coas Panxoliñas logo musicadas por mestres de capelas para seren interpretadas na mesma catedral de Santiago. Home e crego que nunca se sentiu afogado na aldea, ao contrario, ben asentado alí en corpo e alma, fíxose presente, sempre coa vida e a literatura nas mans, en ambientes curiais e palacianos. Aínda que a súa obra en galego foi curta e de ton moi popular –27 poemas, 980 versos, case sempre en forma de décimas–, resulta especialmente significativa polos tempos escuros nos que a produciu, e porque o autor sem-

pre foi recoñecido, e ás veces combatido, pola súa querenza por Galicia, «a moi Nobre, moi Respectable e moi Amada Nai a Nación Galega», como escribía no 1765, na dedicatoria da «Funeral Ofrenda» para o beneditino galego, tamén ilustrado, P. Feixoo. Si, o cura de Fruíme, un home, un crente, un guieiro do que aprender. Vaia o noso agradecemento a Carlos García Cortés polo obsequio que nos fixo con este seu traballo.

8.- E aí vai a despedida

Con tres evocacións para o recordo.

Que Xoán Manuel Buján, natural de Rodeiro, Pontevedra, frade franciscano, foi nomeado recentemente ministro provincial da provincia franciscana de Santiago con fraternidades en Galicia, Salamanca, Venezuela, Marrocos, Terra Santa. Paz e ben!

Que no seu 6.º Consistorio o Papa Francisco creará 13 novos cardeais, dez deles posibles electores e tres, non. Dous son españois, Miguel Anxo Ayuso, comboniano, presidente

do Pontificio Consello para a Diálogo Interrelixioso, e Cristovo López, salesiano, arcebispo de Rabat. A maioría dos novos cardeais pertencen a zonas periféricas, empobrecidas, que o actual Papa sempre quere visibilizar dalgunha maneira.

Que, se vos preocupan cousas de pregaria, silencio e mística —e a quen non?—, a Comisión da Doutrina da Fe da CEE fixo público o 3 de setembro un comunicado titulado *Mi alma tiene sed de Dios, del Dios vivo*, no que alerta sobre o uso de prácticas espirituais de procedencia oriental que non lles parecen compatibles cunha oración e espiritualidade cristiá. Na mesma liña, aínda que con algo máis de empatía, con mellor argumentación teolóxica, e cunha perspectiva máis atenta ao mundo da marxinação como referente da pregaria, vai o Caderno 215 que *Cristianisme i Justicia* acaba de editar este mesmo mes. Pensamos que tamén aquí, para se facer unha idea máis atinada do que está pasando ao respecto, faise necesario escoitar a persoas e grupos que están vivindo como cristiáns esta incorporación de prácticas orientais á súa espiri-

tualidade cristiá, poño por caso a Pablo d'Ors e aos seus grupos de «Amigos do deserto» ou do «monacato secular», que desde a súa experiencia farían unha valoración moi distinta, máis positiva do asunto.

E unha pregaria de loanza, agradecida e indignada, pola «monxa radical», Antonia Pinho, Tona, 61 anos, portuguesa, dedicada a levar evanxeo e coitados a anciáns abandonados, drogadictos e xente da rúa, violada e asasinada o domingo 8 de setembro por unha das persoas que ela atendía. Descanse na paz de quen dá a vida para que outros teñan vida!

E ata aquí chegamos, queridos lectores e lectoras desta nosa revista. Cantas cousas vividas, traballadas, gozadas, sufridas por tanta xente sinxela dos nosos pobos e parroquias poderían e deberían completar esta Crónica tecida neste caso en boa medida co fío dos documentos! Consólanos pensar que por vós son coñecidas e tamén compartidas. Oxalá cubran de graza esta Crónica outonal que tedes nas vosas mans. Bo e frutuoso outono!

Manuel Regal Ledo